

O ESTÁNDAR GALEGO: REINTEGRACIONISMO VS. AUTONOMISMO

Silvia Duarte Collazo

THE GALICIAN STANDARD: REINTEGRATIONISM VS. AUTONOMISM

Abstract: The present article analyses in depth the two opposing ideological lines confronted in the normative debate of the Galician language since the first normative approval in 1982 until the present day: the autonomism and the reintegrationism. According to these two linguistic ideologies, the codification of Galician is focused on two quite different perspectives. While the autonomism conceives Galician as a regional language and therefore exclusively restrained to the Autonomous Community of Galicia, the reintegrationism conceives it as an international language and as part of the Portuguese linguistic diasystem, trespassing in this way the borders of the Spanish State and placing itself at the same level of the Portuguese and Brazilian variants. Regarded from this latter point of view, the Galician language avoids competing in its own natural linguistic system. In the present article we will study how the autonomist ideology aims to maintain Galician in a bilingual situation together with the Castilian, a bilingualism which leads inexorably to a *per se* diglossic situation which maintains Galician in a situation of continuous instability impeding the full normalization. The reintegrationist ideology, however, aims to gain autonomy and stability for the Portuguese spoken in Galicia, since it gains protection from the Portuguese language, one of the most spoken languages in the world.

Keywords: autonomism; isolationism; reintegrationism; linguistic diasystem; Galician standard.

Resumo: O presente artigo analiza en profundidade as dúas correntes ideolóxicas enfrontadas no debate normativo da lingua galega dende a aprobación da primeira normativa en 1982 ata os nosos días: o autonomismo e o reintegracionismo. Segundo estas dúas ideoloxías lingüísticas, a codificación do galego enfócase de dous modos ben distintos. Mentres que o autonomismo concibe o galego como unha lingua rexional e, polo tanto, reducida exclusivamente á Comunidade Autónoma de Galicia; o reintegracionismo concíbea como unha lingua internacional e como parte do diasistema lingüístico do portugués, traspasando así as fronteiras do Estado español, colocándose á par da variante portuguesa e brasileira, e xa que logo, sen necesidade de competir co castelán ao se encontrar dentro do seu sistema lingüístico natural. No presente artigo, veremos que a ideoloxía autonomista aspira a manter o galego nunha situación de bilingüismo co castelán, un bilingüismo que conduce inexorablemente a unha situación *per se* diglósica que mantén o galego nunha situación de continua inestabilidade impedindo a súa completa normalización; a ideoloxía reintegracionista, non obstante, aspira a conferirlle autonomía e estabilidade ao portugués falado na Galiza ao verse este arroupado pola lingua portuguesa, unha das linguas máis faladas do mundo.

Palabras chave: autonomismo; isolacionismo; reintegracionismo; diasistema lingüístico; estándar galego.

O Galego ou é galego-português, ou é galego-castelhano.
Ricardo Carvalho Calero

O reintegracionismo representa na actualidade unha corrente fundamentalmente lingüística que defende que o galego¹ se debe reincorporar ao portugués, isto é, ao seu diasistema lingüístico histórico, co fin de recuperar o esplendor e a dignidade da lingua. Este movemento, orixinalmente político-cultural e vinculado intimamente ao nacionalismo histórico galego, naceu a comezos do século XX² e foi defendido por intelectuais como Manuel Murguía, Vicente Risco, Daniel Rodríguez Castelao, Antón Vilar Ponte, Valentín Paz-Andrade, Ernesto Guerra da Cal e Ricardo Carvalho Calero entre os máis destacados, así como tamén por organizacións políticas, colectivos e institucións defensoras da lingua como as Irmandades da Fala (1916), o Grupo Nós (1920), o Seminario de Estudos Galegos (1923) e o Partido Galeguista (1931).³ Non obstante, a década dos 80, con motivo da normativización do galego, marca a época na que o movemento reintegracionista se consolida e se embarca nunha fonda loita lingüístico-cultural.

Dende un punto de vista conceptual, o reintegracionismo parte da premisa fundamental de considerar o galego como variante dialectal dentro do diasistema lingüístico do que hoxe en día se coñece como portugués, isto é, o galego segundo esta visión situaríase á par das variantes lusa e brasileira, recoñecéndose así o carácter internacionalista da nosa lingua. Por outra parte, o autonomismo, tamén coñecido en ámbitos reintegracionistas como isolacionismo, representa unha ideoloxía totalmente oposta á reintegracionista. O autonomismo concibe o galego como unha lingua autónoma e independente, tanto do español coma do portugués, aínda que recoñeza un vencello fondo dada a proximidade e a orixe común con estas. Por outra parte, reduce a lingua ao ámbito estatal español, considerándoa polo tanto unha lingua rexional e minoritaria.

Estas dúas ideoloxías, tal e como acontece en toda ideoloxía, non son uniformes e gardan escisións no seu seo. No caso da ideoloxía autonomista, as escisións fóronse manifestando ata o momento dun xeito pouco pronunciado por tratarse da ideoloxía oficialista, apoiada polas institucións normativizadoras e polo goberno, e, por conseguinte, non ver-se facilmente ameazada ou atacada. No caso da ideoloxía reintegracionista, si podemos percibir unha clara fragmentación no tocante ao ideario, distinguíndose dous grupos: un primeiro grupo sería o denominado «reintegracionismo lusista», o cal avoga por adoptar plenamente o portugués estándar malia que se perdan trazos dialectais galegos, e un segundo grupo sería o denominado «reintegracionismo de máximos», o cal avoga por adoptar a norma do portugués mais sen perder os trazos propios de carácter tanto léxico como ortográfico do galego falado en Galicia. Segundo esta corrente, recupérase pois a denominación do galego da Idade Media: o galego-portugués, facéndose así fincapé na orixe do portugués moderno.

Despois do ata aquí exposto, podemos observar que a diferenza chave entre a proposta lusista e a de máximos se reduce fundamentalmente a unha cuestión ortográfica, na que os primeiros avogan por aceptar a evolución do galego-portugués no portugués moderno, mentres que os segundos avogan por recuperar a tradición medieval do galego-portugués valéndose do portugués moderno para recuperar e habilitar léxico galego.

¹ Segundo a visión reintegracionista, o galego-portugués, oficialmente recoñecido como galego, debería camiñar cara ao portugués e non cara ao español, baixo o cal se encontra inexorablemente sometido, abocado ao empobrecemento léxico e morfolóxico progresivo e condenado á desaparición. O portugués vén a ser, xa que logo, o acubillo fronte ao castelán.

² Cabe sinalar que Martín Sarmiento foi o precursor da ideoloxía reintegracionista (s. XVIII) (Gómez 2010: 107).

³ v. anexo. No anexo tamén se recollen as citas máis representativas doutros persoeiros que se pronunciaron a favor da ideoloxía reintegracionista, como a do poeta portugués Teixeira de Pascoaes, a do filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa e as do lingüista Eugenio Coseriu.

Esta dicotomía é o punto que poderíamos cualificar como calcañar de Aquiles do reintegracionismo, o cal ata o momento leva impedido que este adquira pulo como proposta viable que chegue á sociedade en xeral e que non fiquen unicamente reducida a unha elite nacionalista. Non obstante, acontece que tal dicotomía se reduce, en principio, a dúas fases dunha única corrente de pensamento, dado que a proposta ortográfica de máximos⁴ está inicialmente pensada para que o galego-portugués converxa progresivamente no lusitano:

Nom é, claro, que os codificadores da CL-AGAL sejam contrários à utilização do padrom lusitano por parte dos galegos, mas todo o contrário, pois, de facto, o padrom da CL-AGAL é esencialmente concebido para suscitar, de modo natural, tal capacitaçom; trata-se, antes, de que a desaparitaçom do padrom galego da CL-AGAL através do abandono dos seus caracteres constitutivos e através da sua convergência absoluta com o lusitano, se nalgumha altura pudesse vir a encarar-se como desejável, *hoje, na Galiza atual*, tal medida revela-se *gritante-mente prematura* [...] e, em qualquer caso, ela *destrairia eficácia*, de modo dramático, o movimento reintegracionista (Garrido Rodríguez 2010).

Finalmente, réstanos por mencionar un terceiro grupo: o «reintegracionismo de mínimos», que malia utilizar a grafía española por mor da alfabetización xeral nesa lingua, sempre centrou a súa atención en concederlles prioridade ás escollos lexicais ou morfolóxicas do portugués fronte ás do castelán. Dende a aprobación da nova normativa do galego (2003) pasou a fundirse plenamente coa ideoloxía autonomista ou oficialista. O reintegracionismo de mínimos poderíamos dicir que representa a transición entre as dúas posturas enfrontadas na defensa da lingua, e nun futuro próximo pode abrir o camiño cara á reintegración poñéndose así fin ao conflito normativo.

Podemos visualizar no seguinte esquema de Serafín Alonso Pintos⁵ as principais diverxencias dentro do movemento reintegracionista que vimos de expor:

		Autonomismo		Reintegracionismo	Exclusivismo lusista
		Oficialismo	Reintegracionismo de mínimos		
Concepto de lingua		galego, idioma nacional		galego, (co)dialecto do idioma galego-portugués	portugués padrão, idioma único da lusofonia
Ortografía	Grafemas	<i>alleo, mañá, praza, luces, haber, xente, xaneiro, paseo, unha</i>		<i>alheio, manhá, praça, luzes, haver, gente, janeiro, passeio, unha</i>	<i>alheio, manhá, praça, luzes, haver, gente, janeiro, passeio, uma</i>
	Acentos	<i>cambio</i>	<i>câmbio</i>	<i>câmbio</i>	<i>Câmbio</i>
	Guión	<i>pódese facer</i>	<i>pode-se facer</i>	<i>pode-se fazer</i>	<i>pode-se fazer</i>
Morfoloxía	Sufixos e terminacións	<i>amable/amábel, librería, nación, espacio</i>	<i>Amábel, livraria, nazón, espazo</i>	<i>amável, livraria, naçom, espaço</i>	<i>amável, livraria, nação, espaço</i>

⁴ A normativa proposta pola comisión lingüística da Asociación Galega da Língua (AGAL) foi adaptada en 2010 ao Acordo Ortográfico da lingua portuguesa de 1990, ratificado este en 2009. A nova normativa, ademais de procurar a coherencia coas demais variedades do portugués, segue respectando os trazos propios da variedade galega (Comissom Lingüística da AGAL 2009).

⁵ Figura tirada da páxina: <http://www.culturagalega.org/especiais/reforma/cadro.htm>.

Despois de observarmos o cadro con detemento, percibiremos que o punto básico que distingue as dúas ideoloxías belixerantes é o concepto de lingua, mais dentro do reinte-gracionismo é significativa a postura do grupo lusista ao facer fincapé en que «o portugués estándar é o único idioma da lusofonía», un argumento certamente conservador que nos leva a pensar no purismo lingüístico relativo á unidade interna dunha lingua. Este argumento, dende un punto de vista lingüístico, resulta un argumento certamente utópico, debido a que todos os trazos diferenciadores e identificativos da variante galega se perderían. Non podemos obviar que a definición de lingua estándar de por si é artificial, é dicir, a variante estándar é froito dun consenso para que unha comunidade lingüística comparta unidade tanto nos usos formais escritos coma orais (o sistema educativo e os medios de comunicación son os principais actores que implantan e velan por esta uniformidade). No caso concreto do galego, dende unha perspectiva lingüística e, por extensión, tamén política, sería verdadeiramente un erro non ter en consideración e aceptar a variación lingüística dentro do portugués.

Antes de pasarmos a analizar con máis detalle as friccións entre as dúas ideoloxías enfrontadas, deberemos analizar o contexto histórico no que se orixinou tal enfrontamento, polo que concretamente deberemos remontarnos á etapa do Rexurdimento (XIX). Tras o período dos Séculos Escuros, o período do Rexurdimento marcará a época na que a lingua deixará de estar restrinxida ao ámbito familiar e pasará a ser cultivada no ámbito literario, mais velaquí a orixe da discordia, pois dado que o galego carecía dunha norma estándar cada escritor comezou a escribir no dialecto da súa zona. Este feito non tería por qué ser problemático de non ser agravado pola introdución de castellanismos alí onde se descoñecía a palabra galega ou simplemente onde cumpría utilizar un léxico dun rexistro elevado. Neste caso, a educación en castelán dos escritores foi o factor decisivo que implicou que o galego fose collendo este camiño deturpador. Intelectuais como Murguía, Viqueira e Vilar Ponte entre outros⁶ manifestaron a necesidade de crear unha norma para o galego aproximándose ao portugués, mais o analfabetismo e a ausencia dun público lector que non tivese sido escolarizado en español foi determinando a creación dun híbrido que utilizaba a ortografía do castelán e favorecía a improvisación de rexistros cultos a partir do castelán.

Desta forma, nos séculos XVI, XVII e XVIII fican sentadas as bases para o conflito normativo que se vai desatar no XIX e no XX, chegando mesmo á actualidade. As dúas manifestacións extremas deste conflito, utilización das grafías histórico-etimolóxicas do galego-portugués medieval que perviven no portugués moderno ou adopción das grafías máis foneticistas modernas coincidentes xeralmente coas do castelán, xa están suxeridas no XVIII polo Padre Sarmiento, partidario da primeira polo coñecemento dos documentos medievais, do portugués e polas súas tendencias etimoloxizantes, e polo Cura de Fruíme, que fai máis uso da segunda pola súa tendencia popular e menor preocupación erudita e filolóxica.

Parece fóra de calquera dúbida razoábel que, cando o galego recupera o uso escrito no século XIX a uns niveis que superan os puramente anecdóticos do período anterior, vaino facer coa vestimenta ortográfica do castelán, pois esa era a lingua en que os nosos escritores foran alfabetizados, descoñecedores tamén dos textos medievais na súa maioría e dos traballos realizados polo Padre Sarmiento, que aínda permanecían inéditos na súa maior parte (Freixeiro Mato 2000: 117).

No século XX varios estudosos, como xa mencionamos, xa tiñan mostrado a súa preocupación polo feito de que o galego non dispuxese dunha norma, mais non será ata

⁶ v. anexo.

a década dos 70 cando o intento normativizador se poña en marcha. No ano 1970 a Real Academia Galega aproba unhas normas ortográficas provisórias e non exhaustivas, as cales son completadas en 1971, e cunha función unicamente orientadora. Finalmente, en 1980 a Consellaría de Educación e Cultura da Xunta de Galicia encárgalle o labor de elaborar un estándar para a lingua galega ao profesor Ricardo Carvalho Calero⁷, e elabórase así a primeira norma de carácter oficial.

Será en 1980, nos inicios do poder autonómico, cando a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galiza constitúa unha Comisión Lingüística, que presidirá o profesor Carballo Calero, co fin de elaborar unhas normas oficiais; surxen así as Normas ortográficas do idioma galego de 1980, as primeiras que van ter carácter oficial; aínda que nelas convivían e se puñan de manifesto as dúas posturas defrontadas, a chamada independentista ou isolacionista, partidaria de manter o galego afastado do portugués, e a reintegracionista ou lusista, partidaria de achegar o galego ao portugués, a práctica maioritara destas normas ía consagrando unha vía intermedia, logo coñecida como de concordia ou de mínimos, xa marcada na propia redacción das mesmas, seguramente a única vía posíbel de confluencia entre dúas filosofías diferentes sobre o idioma (Freixeiro Mato 2000: 122).

En 1982, e unha vez xa xubilado Carvalho Calero, o Instituto da Lingua Galega decide obviar o acordado e presentar unilateralmente a súa proposta, ignorando por completo todas as propostas e todo o traballo científico desenvolvido ata o momento polo reintegracionismo. Nestas circunstancias impositivas e sen consenso comeza a súa andaina o novo estándar galego, o cal non tardará en ser ratificado pola RAG e posteriormente declarado oficial pola Xunta de Galicia⁸ (Peeters 1991: 19–20).

O ferrolano comeza a ser un elemento molesto para o novo poder na Junta da Galiza pola súa firme atitude em favor do reencontro da familia lingüística galego-portuguesa [...] O golpe de comando deu-se em 1982 aquando as «Normas Ortográficas do Idioma Galego», feitas por consenso em 79, som anuladas, numha escura manobra (instigada da Alianza Popular no Governo autonómico, e o máis incrível, apoiada por alguns dos antigos seguidores e colaboradores de Carvalho Calero, entregues ao novo poder oficial), e som aprovadas, mediante Decreto impositivo («Decreto Filgueira»), as ainda vigentes Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego (ILG-RAG) (Grupo de Língua da Fundação Artábria).

Despois de analizarmos o contexto histórico, centraremos a nosa atención nos argumentos máis relevantes da corrente reintegracionista e da autonomista co fin de identificarmos os puntos concretos onde estas diverxen. Os argumentos de peso que defende o reintegracionismo en xeral, e en particular o de máximos, para rebater e invalidar o autonomismo no tocante á cuestión lingüística son os seguintes:

1. O autonomismo considera o galego do s. XIX coma se se tratar dunha lingua ágrafa, pois ignora a tradición escrita do galego medieval prescindindo así da evolución lingüística diacrónica.

⁷ Ricardo Carvalho Calero, o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas (1972), foi o galeguista máis comprometido na defensa da postura reintegracionista, así como tamén quen sentou as bases e os principios teóricos desta, de aí que sexa tamén coñecido como o pai do reintegracionismo. En 1966 publicouse a súa obra *Gramática elemental del gallego común*, que supuxo un avance de cara a acadar unha normativización e unha normalización plena do galego. Carvalho foi membro do Seminario de Estudos Galegos, participou na elaboración do anteproxecto do Estatuto de Autonomía, foi cofundador e membro do Partido Galeguista e tamén membro ordinario da Academia das Ciéncias de Lisboa.

⁸ A normativa de 2003, ao se tomaren en consideración as propostas do reintegracionismo de mínimos, supuxo un cambio de actitude significativo por parte do ILG e da RAG; non obstante, nin co reintegracionismo de máximos nin co lusista se estableceu contacto algún.

2. O autonomismo presenta unha falta de rigor científico nas escollas léxicas, debido a que se optou por botar man de traballos dialectolóxicos para reflectir a «fala viva», así como tamén do castelán alí onde había baleiros ou carencias, no canto de se desenvolver un estudo etimolóxico.⁹

No tocante á cuestión lexical, o profesor Carvalho Calero tiña unha visión clara con respecto ao risco que suporía crear neoloxía de xeito arbitrario e illado:

[...] a invençom neológica isolacionista [...] nom é rentável. [os termos técnicos próprios] Nom necessitamos tomá-los do castelhano, o que, como dixem, desvirtuaria a nossa personalidade lingüística; nom necessitamos inventá-los arbitrariamente, o que, como dixem, nos conduziría a um anacrónico e utópico isolamento. [...] Assi, é mui antieconómico escrever um texto técnico galego sem consultar os textos homólogos escritos ao sul do Minho, onde están resoltos todos os problemas que, se cadra, nos afanamos nós magoadamente em resolver. [...] sendo o galego que nós falamos e o português normativo formas dum mesmo sistema, mas nom a mesma norma, o auxílio que a segunda nos pode prestar é mais lexicológico que morfológico (Carvalho Calero 1983: 40-42).

É importante, por outra parte, sermos conscientes de que a creación de neoloxía de xeito arbitrario e illado, por non ter en conta os vocábulos ou termos cun uso normalizado nun contexto lusófono, ten dado lugar ao xurdimento de falsos amigos previamente inexistentes (Bragado Trigo 2006: 36).

Existen motivacións de tipo comunicativo que conducen a esta aproximación do galego ó español [...] no caso dos falsos amigos, a tendencia natural é a súa supresión pois dificultan a intercomprensión dos interlocutores [...] a solución a ese obstáculo será a atribución dun mesmo significado aos significantes comúns, o que supón a claudicación dunha das linguas en favor da outra [...] Dadas as relacións de parentesco existentes entre Galego, Portugués e Español debería haber un maior número de falsos amigos entre Galego e Español que entre Galego e Portugués. Porén, na realidade, [...] iso non é así [...] así mesmo a forma como se elabora e espalla a lingua estándar tamén ocasiona desencontros léxico-semánticos entre Galego e Portugués que poderían ser evitados [...] o galego parece estar cada vez máis próximo do Español que do Portugués [...] (Bragado Trigo 2006: 39-40).

A este respecto, a valoración dos reintegracionistas do traballo de elaboración do estándar galego desenvolvido polas institucións codificadoras é clara, tal e como apunta nunha entrevista o profesor Carlos Garrido Rodríguez, actual presidente da comisión lingüística da AGAL:

A normativa da RAG-ILG foi improvisada e está cheia de «inventos» que nom funcionan, enquanto que a codificação reintegracionista, baseada na coordenação com o lusitano e o brasileiro, apresenta umha base sólida, coerente e confirmada por um uso pleno em comunidades socialmente normalizadas. [...] o esforço de aprendizagem de um galego coordenado com o luso-brasileiro é cem vezes mais rendível do que a aprendizagem de um galego inventado que nem sequer os seus inventores utilizam.¹⁰

A continuación centrarémonos naqueles argumentos do autonomismo que entran en discordia cos do reintegracionismo. Tomaremos para isto a introdución ás Normas Morfolóxicas e Ortográficas da Lingua galega co fin de examinarmos as argumentacións vertidas polas institucións que cumpren a función normativizadora e sometelas a un exame interpretativo:

⁹ cfr. Garrido Rodríguez 2010.

¹⁰ v. a entrevista a Carlos Garrido (14/10/2010): <http://plumillasypalabras.wordpress.com/2010/10/14/entrevista-a-carlos-garrido-presidente-da-comissom-linguistica-da-agal/>.

1. O galego común e a dicotomía tradicional/moderno:

O galego común debe seguir as boas tradicións da antiga lingua galega que sexan compatibles coa maneira de ser moderna da lingua, de xeito que as formas tradicionais sexan preferidas ás máis innovadoras e evolucionadas. Debe recoñecer tamén a súa propia literatura e cultura máis recentes, emparentando así con todos os escritores anteriores e aceptando solucións xa consagradas polo uso (Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega 2005: 6).

O fragmento iníciase cunha solemnidade retórica (v. «antiga lingua galega») e deste xeito o referente resulta vago. Nas liñas que seguen, establécese unha dicotomía entre vello/novo, o que nos leva a preguntarnos o porqué de que as formas tradicionais deban preferirse ás innovadoras e evolucionadas. Todos sabemos que as linguas evolucionan e as cargas semánticas do léxico tamén varían. Permanecer anquilosados no pasado e garantía de preservarmos unha lingua viva?

Por exemplo, en galego podemos tomar palabras como *tixola* (pt. *frigideira*), *billa* (pt. *torneira*), *vasoira* (pt. *vasoura*) e estar de acordo en que estas fan alusión en principio a cousas «vellas». A razón de que isto sexa así reside en que o español sempre foi a lingua que primeiro nomeou as innovacións. Esta mesma situación, por exemplo, tamén se dá no alemán por presión do inglés, e palabras de uso común son substituídas por anglicismos, ata tal punto que as xeracións novas descoñecen as propias palabras alemás ou recoñecen encontrálas inadecuadas ou mesmo ridículas, dependendo do contexto.¹¹ No caso do galego acontece, ademais de que palabras autenticamente galegas sexan desprazadas polas equivalentes en español, que se toma tamén o español sempre como modelo á hora de designar novos conceptos: «[...] ver o galego como dialecto do castelhana, pois se o castelhana inventa <ordenador>, <pareja de hecho> ou <hoja de ruta>, em galego oficial é de inmediato <ordenador>, <parella de feito> ou <folla de ruta> [...]» (Fagim en Gómez 2010: 109).

2. As escollas normativas non deben ser resultado de sometementos nin dependencias e deben gardar coherencia con respecto ás linguas romances en xeral e á lingua portuguesa en particular.

Valorar a contribución do portugués peninsular e brasileiro, mais excluír solucións que, aínda sendo apropiadas para esa lingua, sexan contrarias á estrutura lingüística do galego. O punto de partida e de chegada en calquera escolla normativa ha de ser sempre o galego (Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega 2005: 7).

A dicotomía entre portugués e español que se presenta neste fragmento resólvese a través dunha pregunta simple: verdadeiramente pode ser a estrutura lingüística do portugués contraria á do galego? Abofé que non, por exemplo o tradutor automático *Carvalho inglés-galego* normativo é unha proba clara disto. Este tradutor automático é o primeiro tradutor que usa recursos directamente do portugués estándar para construír un produto para o galego. A empresa Imaxin Software, a Universidade de Santiago de Compostela e a empresa Igalia conseguiron un tradutor inglés-galego mudando a ortografía internacional do portugués á española do galego.¹²

¹¹ A *Verein Deutsche Sprache* é unha asociación alemá fundada en 1997 que loita por contrarrestar a presión do inglés sobre o alemán. Esta asociación está activa tanto a nivel nacional como internacional (está presente ata en 110 países) e colabora con outras organizacións europeas co fin de preservar a variedade de linguas e culturas en Europa (<http://www.vds-ev.de/startseite>). (En <http://www.vds-ev.de/index> pódese consultar unha ampla lista de anglicismos coas respectivas correspondencias e/ou propostas alternativas ao termo inglés estendido no uso, que serían, lingüisticamente falando, naturais e aceptables en alemán).

¹² cfr. Malvar Fernández et al. (2010).

Não será ousado supor que, para um observador castelhano, o aspecto mais relevante do léxico galego é a sua prodigiosa coincidência como o do português. Também nisto o *Volga* é grandemente ilustrativo. Simplesmente, bastantes desses materiais levam, na Galiza actual, uma existência discreta, quando não problemática, devido ao menor prestígio do idioma nacional e à concorrência das formas castelhanas. [...] Desejável seria que o *Volga* prosseguisse na cobertura do património galego-português, incluindo – e assim estimulando – vocábulos hoje dispersos por obras literárias e dicionários galegos, mas correntes no espaço português [...] Em paralelo com essa tarefa científica, um maior contacto dos galegos com o idioma do Brasil e de Portugal (em livros, audiovisual, música, filmes e, claro, o convívio interpessoal) estimularia esses e muitos outros vocábulos, ancorando-os no desempenho diário, falado ou escrito, com as vantagens já assinaladas: uma mais segura distância face ao castelhano [...] para reduzir os castelhanismos, ou pelo menos un ‘aspecto castelhano’ no galego. Perante sinónimos galegos coincidentes como o espanhol, escolhe-se aquele que, na área do galego-português, goza de maior frequência. [...] Claro: num ambiente bilingue, e sobretudo, diglósico, tudo isto está longe de ser fácil como comportamento geral. Trata-se de processos lentos. Mas importa encetá-los decididamente. [...] Trata-se de *regaleguizar* o galego, de valorizá-lo no local de origem, graças ao casual desvio do português, essa forma de galego um pouco mais afortunada. [...] O aproveitamento da herança conservada nos países de língua portuguesa poderia conduzir a um galego de fisionomia internacionalizável [...] (Venâncio 2010: 103–104).

Actualmente, um bom número de linguistas galegos e portugueses considera, sem estados de alma, que até 1400 o idioma da Galiza e de Portugal foram o mesmo (o que não impede outros linguistas portugueses, e não poucos brasileiros, de suporem o seu idioma saído acabadinho, e algo virginalmente, do útero latino). O assombroso é que os historiadores da língua, galegos, brasileiros ou portugueses, recorram, para demonstrarem a subsequente fragmentação em dois idiomas, a dados fonológicos e morfológicos que mal conseguiriam distinguir dialectos. [...] Todo esse processo de afastamento não afectou, contudo, o essencial. As estruturas fundamentais do galego-português mantêm-se intactas. Pensemos no sistema vocálico, nos pronomes pessoais e possessivos, nas formas e nos modos da morfologia verbal, na sintaxe dos pronomes. O grosso do vocabulário, culto ou vulgar, continua comum. De resto, o português conservou no uso corrente numerosos materiais léxicos e fraseológicos galego-portugueses da mais pura estirpe. Tudo isso permite qualquer galego conhecedor do seu idioma ser hoje ainda, com naturalidade, um utente activo e passivo em ambiente de língua portuguesa (Venâncio 2010: 103).

Independentemente do obxectivo da reintegración ortográfica, un dos obxectivos fundamentais do reintegracionismo é o de divulgar o coñecemento do portugués na sociedade galega, tanto na súa modalidade lusitana coma na brasileira, e fomentar a toma de conciencia do valor da lingua propia.

Para que a proposta da reintegración sexa factible e chegue á sociedade de xeito xeneralizado, cumpriría comezar por poñer en marcha políticas lingüísticas concretas e introducir o portugués como materia obrigatoria no sistema educativo.¹³ A modo de exemplo representativo e que podería ser perfectamente aplicable á situación do galego en relación ao portugués, tal e como propón o reintegracionismo, sería o caso do dialecto do alemán suízo. O suízo presenta con respecto ao alemán estándar unha variación dialectal fonética, léxica e morfolóxica considerable. Este está institucionalizado no sistema educativo, non obstante, convive harmonicamente co alemán estándar, o cal ten reservada

¹³ En novembro de 2010 a Consellería de Educación da Xunta de Galicia estudou introducir o portugués no ensino galego como unha materia optativa de lingua estranxeira. (v. o artigo «Jesús Vázquez estudou meter o portugués no ensino galego» publicado en *Galicia hoxe* o 11/11/2010).

exclusivamente a función de lingua escrita en contextos formais, burocráticos, institucionais, etc.¹⁴ (cf. Watts 1999: 72–75).

No caso do galego, tal e como apunta Freixeiro Mato: «só parecen existir dúas vías que ofrecen certa estabilidade: a norma oficial e o portugués.» (Freixeiro Mato 2000: 133). Freixeiro considera ademais que é compatible defender unha ideoloxía reintegracionista utilizando a norma oficial:

Pódese, en teoría, acreditar na unidade lingüística galego-portuguesa e, ao mesmo tempo, facer uso da norma oficial que foi produto dun consenso [...] o portugués debe ser o modelo orientador [...] o galego ten de unir a súa sorte á do portugués como garantía de non ser absorbido polo español (Freixeiro Mato 2004).

E xa para rematarmos, non debemos esquecer facer mención dun dos grandes progresos que recentemente se deron no ámbito reintegracionista lusista, concretamente o da creación da Academia Galega da Língua Portuguesa, que amosa que dentro do movemento reintegracionista o reintegracionismo lusista é a corrente que máis forza está a cobrar. A fundación Academia Galega da Língua Portuguesa é unha institución que ten como fin defender a unidade da lingua portuguesa, o seu ensino, aprendizaxe e uso correcto e naturalización en Galicia. Esta promove ademais o estudo da lingua galega para que o proceso da súa normalización sexa congruente cos usos vixentes no conxunto da lusofonía. A fundación, que é independente dos organismos políticos galegos, é membro do Consello das Academias de Língua Portuguesa. A AGLP elaborou recentemente por medio da Comissão de Lexicologia e Lexicografia unha selección de vocábulos galegos para ser integrados no Vocabulário Ortográfico Comum da Língua Portuguesa.¹⁵ A elaboración deste vocabulario forma parte do texto do Acordo recentemente ratificado en Lisboa polos Ministros de Educación e de Cultura dos Países membros da Comunidade de Países de Língua Portuguesa (CPLP), co propósito de que no futuro sexan integrados nos dicionarios de lingua portuguesa. Cómpre tamén ter presente que unha delegación de observadores de Galicia participou por convite da Academia das Ciéncias de Lisboa na ratificación do Acordo Ortográfico de 1990, de modo que podemos admitir que o reintegracionismo está a avanzar moi favorablemente.

Conclusión

A pesar de que o reintegracionismo se ten tachado en numerosas ocasións de corrente lingüística radical e mesmo antigaleguista por parte dos seus detractores, acontece que en realidade é unha corrente vencellada intimamente ao galeguismo de comezos do s. XX.

O motivo desencadeante do sempiterno enfrontamento entre os autonomistas e os reintegracionistas radica, como vimos, na aprobación da primeira normativa do galego en 1982, por mor de os autonomistas aprobaren a norma do galego de xeito unilateral, rompendo así o acordo previamente acadado co grupo de lingüistas que se adscribían

¹⁴ O dialecto suízo na actualidade segue a estar intimamente vinculado a unha ideoloxía de exclusión, especialmente antixermana. Esta ideoloxía como expresión de antixermanismo nace na I Guerra Mundial, mais é a partir da II cando o suízo se constitúe como unha ideoloxía de resistencia político-cultural á invasión (Watts 1999: 80–81).

¹⁵ As editoriais lusas *Porto Editora* e *Priberam* inclúen nos dicionarios dende finais de 2009 e 2010 entre 800 e 1200 vocábulos galegos seleccionados pola Academia da Língua Portuguesa. cfr. coa información da páxina da Academia da Língua Portuguesa: <http://www.academiagalega.org/inicio.html>.

á liña reintegracionista e que tamén formaban parte do grupo de expertos responsables da elaboración da norma. Mentres que os autonomistas consideraron que para a elaboración do estándar o primordial era a aceptación do código por parte dos falantes, os cales foran educados tradicionalmente en español e por iso cumpría tomar como base o galego españolizado do s. XIX; para os reintegracionistas, en cambio, o primordial era a elaboración dunha norma cunha base científica, baseada nun estudo diacrónico e etimolóxico do galego-portugués, rexeitando así a consideración de lingua ágrafa que lle conferían os autonomistas á lingua ao non teren en conta os textos anteriores ao século XIX e centraren os seus esforzos investigadores na variación dialectal, feito este que ao restárselle importancia ao grao de castelanización no que a lingua se atopaba xerou unha norma dominada polo arbitrio e a incoherencia.

A día de hoxe, os organismos normativizadores xunto co Goberno galego son, sen dúbida, quen teñen o poder de executar o cambio e rescatar o galego da deriva diglósica e posible desaparición dada a presión cada vez máis forte do español. Para que a proposta da reintegración sexa factible e chegue á sociedade de xeito xeneralizado, cumpriría comezar por introducir o portugués como materia obrigatoria no sistema educativo e poñer en marcha políticas lingüísticas concretas para establecer vínculos máis próximos co mundo lusófono. Este cambio de política lingüística facilitaría o achegamento de posturas entre as dúas ideoloxías confrontadas e ofrecería mesmo a posibilidade de defender unha ideoloxía reintegracionista utilizando a norma oficial. O inicio do cambio marcarase, sen dúbida, no momento en que o portugués deixe de ser considerado como lingua estranxeira no territorio galego.

Anexo

Manuel Antonio Martínez Murguía (1833-1923)

El gallego y el portugués [...] son uno mismo en el origen, gramática [...] y vocabulario. Por qué no aceptar la ortografía portuguesa? Si nos fue común en otros tiempos, por qué no ha de serlo de nuevo?

(<http://carvalhocalero.academiagalega.org/citas>)

Comecemos polo estudo do idioma que falamos hai mais de dez séculos. Povo que esquece a sua língua é um povo morto. O primeiro, a nossa língua, a língua que falou este povo, e a que falam e entendem cerca de três milhons de galegos, dezaioito milhons de habitantes de Portugal e dos seus domínios, doze do Brasil. Nom pode perecer um idioma que tem umha literatura gloriosa, e nomes que som orgulho da inteligência humana. Por isso, e para recolher na Galiza o seu verdadeiro léxico, dar a conhecer a sua gramática e afirmar a sua existência, fundou-se esta Academia.

(Discurso pronunciado no acto de inauguración da *Real Academia Galega*, 30/09/1906)

Antón Vilar Ponte (1881-1936)

Ou é que ainda hai quem, possuindo algunha cultura, pense que o nosso idioma vernáculo e o idioma de Portugal nom som todo um e o mesmo, com idêntica sintaxe e idêntico léxico, salvo pequenas diferenças de morfologia, ortográficas e prosódicas, tam fáceis de reparar (se nom se querem unificar a custo de um pequeno esforço), e salvo galicismos e americanismos que abundam na fala dos irmaos de além Minho? [...] Entre o galego e o português de hoje nom hai mais diferenças que as existentes entre o castelhano de Castela e o de Andaluzia e América; e a sua unificação é tam fácil, se nom mais, que a realizada por flamengos e ho-

landeses com o idioma comum, que somente se diferenciava na ortografía e nalguns giros prosódicos. Quando se vam dar as normas precisas para tentála pouco a pouco? Pudérom ser chamados nunca a umha missom de maior transcendência no terreno da própria cultura, da cultura autóctone, a Academia Galega e o Seminário de Estudos Galegos? (Vilar Ponte 1971: 345-346)

Vicente Martínez Risco Agüero (1884-1963)

Agora, o galego e o portugués son dúas formas dialectais do mesmo idioma [...]. (Risco en Valiente Fernández 2007: 140)

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950)

Galiza ten unha língoa propia [...] nai do mal chamado portugués [...] E se a língoa non fose un distintivo nacional, porque non respeita fronteiras e vemos que unha mesma língoa pode servir de linguaxe común a diversas nacións, xusto será recoñecer que, polo menos, o idioma galego -hoxe falado en varias partes do mundo- é natural de Galiza, porque alí nasceu, alí se criou e alí se fixou literariamente. (Rodríguez Castelao 2001: 272)

Johán Vicente Viqueira Cortón (1886-1924)

Teño unha razón fundamental contra a ortografía fonética: admitindo-a apartríamo-nos do mundo lingüístico inteiro. E isolarse é morrer! Ningunha língoa escríbe-se foneticamente. Sobre todo isolaríamo-nos do portugués. O galego, non sendo unha língoa irmá do *portugués senon unha forma do portugués* (como o andaluz do castelán), ten-se que escribir pois como o portugués. Vivir no seu seo é vivir no mundo! e vivir sendo nós mesmos! (Viqueira en Kabatek 1992)

Manuel Rodrigues Lapa (1897-1989)

[...] o caso do galego é uma excepção felicíssima: essa língoa literária de que ele carece está feita desde há oito séculos e chama-se hoje português. Os galegos têm a sorte rara de poderem fazer essa opção, coisa de que se não podem gabar nem bascos nem catalães. (Lapa en Kabatek 1992)

Irmadades da Fala (1916-1931)

[...] todos estamos obligados a trabajar para que, en un próximo futuro, se llegue a una unificación lo más completa posible en la ortografía gallega por parte de nuestros escritores, hasta conseguir incluso identificarla con la portuguesa en la mayoría de los casos, toda vez que se trata, al fin y al cabo, de una misma lengua. (<http://carvalhocalero.academiagalega.org/citas>)

Revista Nós (1920-1936)

Nós, que de cote se ten preocupado pol-a colaboración espiritual de portugueses e galegos, non pode por menos de acoller con entusiasmo as iniciativas do Dr. Rodríguez Lapa, mesmo na idea qu'apunta d'un acordo luso-galaico pr'a reforma ortográfica, para nós tan indispensable. (<http://carvalhocalero.academiagalega.org/citas>)

Seminário de Estudos Galegos (1923-1936)

[...] o galego e o portugués são originariamente a mesma língua.
(<http://carvalhocalero.academiagalega.org/citas>)

Eugenio Coseriu (1921-2002)

Más difícil todavía es establecer los límites de una lengua en el tiempo. En cierto sentido, se puede decir que una lengua no surge y no desaparece en ningún momento preciso, sino que sólo se desarrolla o «evoluciona»: el latín no es, en este sentido, una «lengua muerta», pues sigue viviendo en los idiomas neolatinos, bajo formas que se llaman gallego-portugués, español, catalán, occitano, francés, italiano, retorromance, rumano. [...] Pero, en el fondo, es asunto de convención y de comodidad terminológica [...] el significado del término lengua es muchas veces variado en el uso común y depende de varios criterios más o menos aplicables y, en último análisis, de convenciones.

(cita tirada da obra *Introducción a la lingüística* consultada en: <http://textosenlinea.com.ar/academicos/Introduccion%20a%20la%20linguistica.pdf>)

Los romanistas e hispanistas están en general de acuerdo en que el gallego es una forma particular del conjunto dialectal gallego-portugués, en cuanto opuesto al conjunto dialectal español (no «castellano», sino: astur-leonés, castellano, en sus muchas formas, y navarro-aragonés) y al conjunto catalán (o catalán-valenciano).

(Coseriu en Malvar Fernández et al., 2010: 32)

Bibliografía

- BRAGADO TRIGO, Iago (2006) «Sobre a amizade (léxica) Galiza-Portugal: os falsos amigos Galego-Portugués-Español», *Madrygal* 9, 33-41.
- CARVALHO CALERO, Ricardo (1983), *Da fala e da escrita*, Ourense: Galiza.
- COMISSOM LINGÜÍSTICA DA ASSOCIAÇOM GALEGA DA LÍNGUA (2009), «Atualizaçom da normativa ortográfica da Comissom Lingüística da AGAL, conforme o Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa de 1990», *Agália* 99-100, Santiago de Compostela: AGAL.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2000), *Língua galega: normalidade e conflito*, Santiago de Compostela: Laiovento.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2004), «Sermos reintegracionistas con ortografía oficial» *A Nosa Terra* 1112, A Nosa Terra. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, Carlos (2010), «Atualizaçom da normativa ortográfica da AGAL: incremento da coesom, conservaçom do valor estratégico», *Portal Galego da Língua*.
[http://www.pglingua.org/index.php?option=com_content&view=article&id=2468:atualizacom-da-normativa-ortografica-da-agal-incremento-da-coesom-conservacom-do-valor-estrategico-e-ii&catid=20:info-agal&Itemid=59]
- GÓMEZ, José Ramón, (2010), «O mundo que o portugués criou para o galego», *Arraianos* 8, 107-110.
- GRUPO DE LÍNGUA DA FUNDAÇOM ARTÁBRIA, «Professor Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910 - Compostela, 1990)», *Portal da Língua Galega*.
[<http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Sections&op=viewarticle&artid=5>]
- KABATEK, Johannes, (1992), «Der Normenstreit in Galicien: Versuch einer Erklärung», *Lusorama* 18, 65-83.

- MALVAR FERNÁNDEZ, Pablo – PICHEL CAMPOS, José Ramón. et al. (2010), «Vencendo a escasez de recursos computacionais. Carvalho: Tradutor automático estatístico Inglés-Galego a partir do corpus paralelo Europarl Inglés-Português», *Linguamática* 2, vol. 2, 31-38.
[<http://www.linguamatica.com/linguamatica-v2n2.pdf>].
- PEETERS, Yvo J. D. (ed.) (1991), *Poder, ideologia, e lingua*, A Coruña: AGAL.
- REAL ACADEMIA GALEGA – INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (2005), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel (2001), *Sempre en Galiza*, vol. 2, A Coruña: La Voz de Galicia.
- VENÂNCIO, Fernando (2010), «Uma proposta portuguesa para o léxico galego» *Grial* 186, 102-107.
- WATTS, Richard J. (1999), «The ideology of dialect in Switzerland», in: BLOMMAERT, Jan, *Language Ideological Debates*, Berlin/New York: Mouton de Gruyter, 67-99.

Silvia Duarte Collazo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo
36310, As Lagoas-Marcosende
Vigo (Pontevedra)
España
Silvia.Duarte@gmail.com